



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

P R O X E C T O S D E L E I

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

D E C R E T O S

CONSELERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Vilaboa.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Santa Comba.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Santa Comba.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Carballo.
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Carballo.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria e se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os seus órganos.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se modifica o Decreto 306/2004 polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Decreto polo que se suprime o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e se modifica o Decreto polo que se crea o Instituto Galego de Seguridade



Laboral e se modifica o regulamento do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se sanciona a unha adega cunha multa de 2.001 euros pola comisión dunha infracción grave, e á mesma empresa xunto con outra, como autores e responsables solidarios con multas de 30.001 euros pola comisión dunha infracción moi grave, 2.001 euros por unha infracción grave e apercibimento por unha infracción leve, todas elas en materia de bebidas espirituosas.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Monforte de Lemos, para o adecentamento de fachadas do río Cabe (II Fase).

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da Memoria de Actividades do Consello Consultivo de Galicia, correspondente ao ano 2004.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia, no marco das actuacións de urxencia para solucionar os problemas da seca, da obra *Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Mellora de captacións en núcleos rurais do Barco de Valdeorras (Ourense)*.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia, no marco das actuacións de urxencia para solucionar os problemas da seca, da obra *Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Ampliación do vaso do encoro de Baiña-Baiona (Pontevedra)*.

M O C I Ó N S E P R O P O S T A S

- Declaración institucional do Goberno galego de recoñecemento da lingua de signos en Galicia.



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA DE RECOÑECEMENTO DA LINGUA DE SIGNOS EN GALICIA

A lingua é o principal instrumento de comunicación. É condición indispensable para a estruturación do pensamento e a adquisición de coñecementos e información. Ademais, constitúe a canle básica de vertebración das relacións tanto individuais como sociais. A lingua, xa que logo, non é só unha manifestación da liberdade individual, senón que transcende os ámbitos persoais e se converte nun elemento ineludible para a vida social.

As linguas de signos non constitúen sistemas substitutivos ou alternativos das linguas orais; trátase de verdadeiras linguas e, polo tanto, representan un patrimonio que hai que protexer.

O desenvolvemento social dos signante falantes en Galicia inscríbese nun contexto social constituído maioritariamente por oíntes, no que se presentan barreiras de comunicación que deben ser removidas, a fin de facilitar a súa completa integración, contribuír ao libre desenvolvemento da súa personalidade, e propiciar o respecto dos seus dereitos e liberdades fundamentais.

Os poderes públicos de Galicia deberán establecer as medidas e garantías necesarios para que as persoas xordas ou con discapacidade auditiva e xordocegas poidan, libremente, facer uso da lingua de signos en todos os ámbitos públicos e privados de Galicia.

En consideración de todo o dito, tomando como referencia as disposicións emanadas dos organismos de Dereito internacional e os instrumentos normativos de ámbito estatal e autonómico, a Xunta de Galicia, en función das responsabilidades que ten asumidas, subscribe a seguinte declaración:

1º. A Xunta de Galicia reclama o valor da diferenza e a necesidade de suprimir as barreiras á participación e comunicación. A Xunta de Galicia recoñece a lingua de signos como a lingua propia das persoas xordas galegas que optan libremente polo mesma e garante o seu dereito a utilizala nos termos establecidos pola lei. Por lingua de signos enténdese o sistema lingüístico de carácter visual, espacial, xestual e manual en cuxa conformación interveñen factores históricos, culturais, lingüísticos e sociais, utilizado como lingua tradicionalmente polas persoas xordas e xordocegas signantes en Galicia.

2º. Constitúe unha obriga dos poderes públicos en Galicia tanto o desenvolvemento de medios que faciliten o acceso á expresión verbal e escrita da lingua oral ás persoas



xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, como o impulso de actuacións orientadas a intensificar a aprendizaxe, coñecemento e uso da lingua de signos.

3º. A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar comprométese a:

- Favorecer a posta en marcha de medidas e actuacións que, en cumprimento da normativa vixente, dean resposta efectiva á necesidade de eliminar as barreiras arquitectónicas e á comunicación en todos os ámbitos, a través da aplicación dos principios do deseño para todos.
- Impulsar as actuacións pertinentes para intensificar a presenza e habilitación de intérpretes de lingua de signos nos distintos espazos institucionais, tanto públicos como privados, como recurso básico para a integración social das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas en Galicia.
- Actuar de canle impulsora de carácter interdepartamental, co obxectivo de que todos os departamentos da Xunta de Galicia potencien, no ámbito das súas responsabilidades, actuacións de recoñecemento e de impulso da lingua de signos no marco das institucións e entidades de carácter público e privado.



O GOBERNO GALEGO APROBOU HOXE OS "ORZAMENTOS DO CAMBIO", CENTRADOS NO EMPREGO E NO COMPROMISO SOCIAL

- *As contas xerais da Xunta de Galicia para 2006 acadan os 9.911,7 millóns de euros, o que supón un incremento do 9,04% respecto aos de 2005*
- *Céntranse en cinco eixes de actuación principal: a modernización económica, o emprego estable e de calidade, a mellora da sanidade, o compromiso social e o equilibrio territorial*

O Goberno da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de Lei de Orzamentos para 2006, centrados no emprego e no compromiso social. As contas xerais da Xunta de Galicia para o exercicio que ven acadan os 9.911,7 millóns de euros, o que supón un crecemento do 9,04% respecto aos de 2005.

Estes "orzamentos do cambio" céntranse en cinco eixes de actuación principal. Neles tense como prioridades a modernización económica e o crecemento, a creación de emprego estable e de calidade, a mellora da sanidade pública, o compromiso social e o equilibrio territorial.

Para acadar estes obxectivos dispúxose que medren as partidas destinadas a I+D+i nun 39,05 por cento. En 2006 este capítulo contará cun investimento de 123,35 millóns de euros. Así mesmo, incrementarase un 25,7% o investimento en modernización empresarial, un 12,9% o referente a infraestruturas e un 9,2 % as achegas da Xunta para Educación.

Para a creación de emprego estable e de calidade, o Goberno galego incrementará as partidas orzamentarias nesta materia un 18,7%, acadando un volume total de 298,7 millóns de euros.

Tamén crecerán por riba da media os orzamentos da Sanidade, amosando a aposta da Administración autonómica pola calidade sanitaria. En 2006 incrementarase nun 11,7% o diñeiro público dedicado á Sanidade, o que supón acadar un volume de investimento total de 3.157 millóns de euros.

Compromiso social

As contas da Xunta de Galicia para 2006 están marcadas polo compromiso social. Incrementarase nun 13,7 por cento a partida destinada a políticas sociais, que contarán o ano que ven con 435,13 millóns de euros. Do mesmo xeito, os servizos sociais acusarán unha alza do 15,1 por cento (242 millóns de euros); o sector da vivenda, cun pulo ao alugueiro, rehabilitación e adquisición, contará cunha partida de 182,8 millóns de euros, superior nun 11,7% á do 2005.



Os orzamentos aprobados hoxe contemplan tamén incrementar os fondos destinados á cooperación e axuda ao desenvolvemento e á emigración nun 18,7% e os que teñen como finalidade fomentar a cultura e o deporte nun 10,20 por cento.

As políticas encamiñadas a mellorar o equilibrio territorial contarán cunha suba do 16,8 %, no relativo ao Fondo de Cooperación Local. Ademais, este ano porá en marcha o Plan de Reequilibrio Territorial, que disporá en 2006 con 150 millóns de euros para o seu desenvolvemento.

Rigor orzamentario e transparencia


A elaboración do Proxecto de Lei de orzamentos de Galicia o Goberno galego guiouse polos criterios de rigor orzamentario e transparencia. Mostra disto é a supresión da Lei de acompañamento dos orzamentos, aprobada ata o ano pasado, e a posta en marcha do Rexistro de Subvencións.

(Ver anexo)



O GOBERNO GALEGO APROBA OS PRESUPOSTOS DO CAMBIO: OS PRESUPOSTOS DO EMPREGO E DO COMPROMISO SOCIAL

- AS CONTAS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA PARA 2006 ACADAN OS **9.911,7 MILLÓNS DE €**
- OS ORZAMENTOS MEDRAN UN **9,04%**



CINCO eixos de actuación económica e social:

- 1. MODERNIZACIÓN ECONÓMICA E CRECEMENTO**
- 2. EMPREGO ESTABLE E DE CALIDADE**
- 3. MELLORA DA SANIDADE**
- 4. COMPROMISO SOCIAL**
- 5. EQUILIBRIO TERRITORIAL**



1. MODERNIZACIÓN ECONÓMICA E CRECEMENTO

❖ Educación	➤ 1.936 millóns ↑ 9,20 %
❖ I+ D+ I	➤ 123,35 millóns ↑ 39,05 %
❖ Infraestruturas	➤ 497,5 millóns ↑ 12,90 %
❖ Modernización empresarial	➤ ↑ 25,70%

2. EMPREGO ESTABLE E DE CALIDADE

❖ Fomento do emprego	➤ 298,7 millóns ↑ 18,70 %
----------------------	------------------------------

3. MELLORA DA SANIDADE

❖ Aposta pola calidade sanitaria	➤ 3.157 millóns ↑ 11,70 %
----------------------------------	------------------------------



4. COMPROMISO SOCIAL

❖ Política social	➤ 435,13 millóns ↑ 13,70 %
❖ Servizos sociais	➤ 242 millóns ↑ 15,10 %
❖ Vivenda: pulo ao aluguer, rehabilitación e adquisición	➤ 182,8 millóns ↑ 11,70 %
❖ Cooperación e axuda ao desenvolvemento e á emigración	➤ ↑ 18,70 %
❖ Impulso á Cultura e ao Deporte	➤ ↑ 10,20 %

5. EQUILIBRIO TERRITORIAL

❖ Fondo de Cooperación Local	➤ ↑ 16,80 %
❖ Plan de Reequilibrio Territorial	➤ 150 millóns



MEDIDAS CONCRETAS

EDUCACIÓN	<ul style="list-style-type: none">❖ Ampliación da gratuidade dos libros de texto a todo o ensino primario❖ Bolsas de aprendizaxe da lingua estranxeira para 3.000 alumnos❖ Dotación de 15.000 novos ordenadores e 5.000 unidades multimedia para centros educativos❖ Forte impulso á modernización de centros e novas construcións
EMPREGO	<ul style="list-style-type: none">❖ Creación de 31.000 empregos❖ Redución da taxa de paro ao 10%❖ Fomento da contratación indefinida❖ Prioridade na prevención dos riscos laborais
MODERNIZACIÓN ECONÓMICA	<ul style="list-style-type: none">❖ 55% de subida para a creación de solo empresarial❖ Incremento das axudas á modernización do sector industrial e servizos
SANIDADE	<ul style="list-style-type: none">❖ Mellora da atención primaria sanitaria: contratación de novos médicos❖ Redución e transparencia nas listas de espera❖ Parto sen dor: cobertura do 100%
COMPROMISO SOCIAL	<ul style="list-style-type: none">❖ 21 millóns para escolas de educación infantil❖ Triplícase o orzamento para a prevención e loita contra a violencia de xénero❖ Posta en marcha dun Plan de Voluntariado❖ Incentivarase a construción de 1.000 vivendas protexidas con destino a aluguer
EQUILIBRIO TERRITORIAL	<ul style="list-style-type: none">❖ Apoio á rehabilitación de vivendas cun 16,88% de incremento❖ Dotación de 27 millóns de euros para a dinamización, valorización e fixación de poboación



APROBADOS O ESCUDO E BANDEIRA OFICIAIS DE CARBALLO E SANTA COMBA (A CORUÑA) E A BANDEIRA DO CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)

O Consello da Xunta aprobou esta mañá os decretos polos que se establecen a conformación oficial dos escudos de Carballo e Santa Comba e as bandeiras de Carballo, Santa Comba e Vilaboa.

A bandeira do Concello de Vilaboa (Pontevedra) está organizada de forma que sobre un fondo azur (azul) están dúas torres de branco, aclaradas de azur, cunha simboloxía adecuada ás pautas de representación heráldica.

Emblemas de Carballo

Pola súa banda, o escudo de Carballo (A Coruña) está conformado por un fondo de ouro (amarelo) e ondas de azur, cun carballo de sinople (verde) no centro da composición. Ao timbre, na parte superior da composición, unha coroa real pechada.

No que se refire á bandeira oficial, o concello considerou que o máis axeitado é dispoñer sobre o pano de amarelo, o carballo de verde.

Símbolos de Santa Comba

O emblema municipal de Santa Comba (A Coruña) será de cor púrpura, cun castelo de ouro sobre ondas de prata (gris). Aos flancos desa construción, sobre as torres laterais da fortaleza, aparecen dúas vieiras, tamén de prata; mentres que na parte superior do símbolo heráldico aparece unha coroa real pechada.

A bandeira do concello, pola súa parte, conta cun pano púrpura, sobre o que aparece o castelo de amarelo e, aos seus flancos, dúas vieiras brancas. Ao batente atópanse dúas tiras brancas, verticais e ondadas.



O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA XESTIONOU 768 EXPEDIENTES EN 2004

- *A Administración autonómica solicitou o seu ditame nun total de 583 expedientes, a Administración local en 181 e as universidades en 4*
- *A maior parte dos expedientes procedían das consellerías de Medio Ambiente, Política Territorial e Sanidade*

O Consello Consultivo de Galicia xestionou un total de 768 expedientes ao longo de 2004. Así se recolle na memoria de actividades presentada esta mañá na xuntanza do Consello da Xunta.

Segundo este estudo, o ano pasado solicitouse o parecer do Consello Consultivo en Galicia en relación a un total de 768 expedientes, dos que a práctica totalidade corresponderon a ditames preceptivos e só catro deles a consultas.

Por materias, do total de ditames e consultas tramitadas, o 96 por cento (739) realizáronse sobre a actuación administrativa, un 3% (25) sobre disposicións de carácter xeral e un 1% (4) corresponderon a consultas sobre actuación administrativa ou disposicións xerais.

A Administración autonómica solicitou o seu ditame nun total de 583 expedientes, dos cales a maior parte deles tiñan como procedencia as consellerías de Medio Ambiente (212), Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (203) e Sanidade (96). Pola súa banda, a Administración local fíxoo en 181 ocasións e a Administración universitaria en 4.

O informe presentado hoxe reflicte tamén que dos 739 ditames, 607 foron favorables (o 80%) e 132 desfavorables (o 17%). Ademais, examináronse 29 expedientes máis, dos que 25 (o 3%) foron devoltos, 1 arquivado, 1 pendente e dous máis estaban fóra da súa competencia.

Do total de expedientes sometidos a consulta, 4 sometéronse ao ditame do Consello Consultivo polo trámite de urxencia. Destes, tres correspondían a proxectos de decretos e un a un contrato administrativo.

33 sesións plenarias

O Consello Consultivo de Galicia está presidido José Antonio García Caridad e integrado por un total de catro conselleiros e un secretario xeral. Así mesmo, conta con dúas seccións (primeira e segunda) que contan cun presidente, tres conselleiros e un secretario cada unha delas. En 2004, este organismo levou a cabo un total de 33 sesións plenarias, ás que se suman as 34 sesións da sección primeira e as 33 sesións da sección segunda.



A XUNTA SANCIONA A DÚAS EMPRESAS DEDICADAS Á ELABORACIÓN DE AUGARDENTE POR VARIAS INFRACCIÓNS GRAVES EN MATERIA DE BEBIDAS ESPIRITUOSAS

- *A contía total da multa ascende a 34.003 euros pola comisión dunha infracción moi grave e de dúas de carácter grave, ademais dun apercibimento por unha infracción leve*
- *O goberno galego ordenará que se proceda ao comiso e á destrución de 147 botellas comercializadas indebidamente baixo a denominación Orujo de hierbas. Aguardiente de Galicia e á etiquetaxe doutra partida que se atopa actualmente retida nun establecemento comercial*

O Consello da Xunta, por instancia da Consellería do Medio Rural, acordou hoxe sancionar dúas empresas galegas dedicadas á elaboración de bebidas espirituosas que, segundo o expediente sancionador instruído pola administración autonómica, vulneraron a Lei 24/2003, da viña e o viño ao cometeren catro irregularidades. Unha das adegas foi sancionada pola utilización na etiquetaxe dunha denominación ("Orujo de hierbas") que non se correspondía co produto, xa que este componse da mestura de bagaceira e alcohol rectificadado de melaza. Esta infracción está tipificada no artigo 39.1.f) da citada Lei da viña e o viño como grave e castígase cunha multa de 2.001 euros.

Polo demais as dúas empresas de destilaría foron sancionadas como coautoras e responsables solidarias doutras tres infraccións, en relación ao mesmo expediente. Nun dos casos foron apercibidas pola comisión dunha infracción leve ao omitir algunha das indicacións obrigatorias que se exigen na etiquetaxe ou presentación deste tipo de produtos, como por exemplo o número de lote, tal e como recolle o artigo 5.1.j) do Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

Ademais ambas as dúas empresas foron sancionadas cunha multa de 30.001 euros pola comisión dunha infracción moi grave relativa á utilización indebida da denominación *Aguardiente de Galicia*, que está amparada por unha normativa de protección. Neste caso vulnerouse o artigo 40.2.a) da Lei 24/2003 xa mencionada. Pero tamén se determina para ambas as dúas empresas outra sanción económica de 2.001 euros por un delito de fraude, xa que na analítica realizada ao produto que se comercializaba baixo o nome *Orujo de hierbas. Aguardiente de Galicia* detectouse unha diferenza entre a graduación alcólica e o contido de azucre declarados e os valores declarados.

A Consellería do Medio Rural decidiu sancionar a ambas as dúas adegas xa que segundo se recolle no artigo 41 da Lei 24/2003 "serán responsables das infraccións nos produtos envasados aquelas firmas ou razóns sociais que figuren na etiqueta, ben



nominalmente ou ben mediante calquera símbolo que permita a súa identificación. Así mesmo será responsable solidario o elaborador, fabricante ou envasador que non figure na etiqueta se se proba que coñecía a infracción cometida e que prestou o seu consentimento”.

Ademais das sancións, a Consello da Xunta ordenará que se proceda ao comiso ou destrución das 147 botellas comercializadas indebidamente, que se atopan intervidas de forma cautelar na sede dunha das adegas infractoras. Esta actuación faráse en presenza do Servizo de Inspección de Defensa contra Fraudes e Calidade alimentaria dependente do departamento de Medio Rural. A outra partida de botellas intervidas nun centro comercial poderá ser reetiquetada en orixe por instancia dos interesados. A súa posterior comercialización estará condicionada ao cumprimento do indicado na normativa vixente en materia de bebidas espirituosas.



O CONSELLO FORESTAL DE GALICIA QUEDA ADSCRITO Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O Consello da Xunta acordou hoxe modificar o decreto polo que se crea o Consello Forestal de Galicia como órgano consultivo e asesor da Administración forestal. Esta medida ten como obxectivo facilitar a xestión sustentable dos montes galegos e darlle cumprimento ao principio de participación pública, establecendo unha canle de colaboración coa sociedade galega e a comunidade científica.

O Consello Forestal de Galicia incardínase agora, con esta modificación, á nova distribución de competencias en materia de montes, adscritas á Consellería do Medio Rural.

Este órgano estará presidido polo conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, a vicepresidencia estará a cargo do director xeral de Montes e Industrias Forestais, Alberte Blanco. Ademais, contará cun secretario -o subdirector xeral de Recursos Forestais- e 45 vogais en representación da Administración galega e das delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural.



MEDIO AMBIENTE DESTINA 900.000 EUROS A OBRAS DE ABASTECIMIENTO EN BAIONA E O BARCO DE VALDEORRAS

- *Trátase de actuacións de urxencia para solucionar problemas de seca*
- *Os proxectos previstos consistirán en ampliar o vaso do encoro de Baíña e en construír novas redes de abastecemento na localidade ourensá*

A Consellería de Medio Ambiente achegará preto dun millón de euros a obras de abastecemento nos concellos de Baiona e O Barco de Valdeorras. Estes proxectos inclúense no marco de actuacións de urxencia previstas para solucionar os problemas provocados pola seca, segundo informou esta mañá na xuntanza do Goberno galego o conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez Fernández.

No caso de Baiona, a obra consistirá na ampliación do vaso do encoro de Baíña a 600.000 m³. A consellería destinará 740.982 euros a esta actuación, que conta cun prazo de execución de nove meses. O concello ditaminou con data do 20 de setembro pola disposición da Administración Hidráulica de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, os terreos necesarios para acometer esta obra.

A outra actuación en materia de abastecemento da que se deu conta hoxe no Consello da Xunta foi a mellora das redes de auga no concello ourensán do Barco de Valdeorras. Ao igual que no caso de Baiona, trátase dunha actuación de urxencia por mor dos problemas provocados pola seca. Concretamente, o proxecto recolle a mellora das redes de abastecemento e das captacións nos núcleos rurais deste municipio ourensán. A Consellería de Medio Ambiente destina 156.983 euros a esta actuación.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE SUPRIME O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (IGASEL)

- *A Consellería de Traballo xa está traballando na elaboración dun proxecto de Lei cun novo modelo de instituto que se configure como organismo autónomo, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obra*
- *Este proxecto de Lei será consensuado cos axentes económicos e sociais galegos, xa que o novo organismo xorde co obxectivo de ser máis participativo*
- *Mentres tanto, a Dirección Xeral de Relacións Laborais asumirá as funcións do actual IGASEL*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá o Decreto polo que se suprime o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (IGASEL) e se modifica a regulación do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

O obxectivo desta iniciativa é substituír este instituto por un organismo autónomo de carácter administrativo, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Un organismo, en definitiva, máis participativo, no que teñan cabida sindicatos, empresarios e Administración, en tódos os seus ámbitos competenciais, que achegue unha suma de esforzos na loita contra a sinistralidade laboral coa participación auténtica dos axente económicos e sociais, os cales poderán participar, en exercicio da súa autonomía e empregando liñas de consenso, na definición dos programas e nas liñas operativas de traballo, para rebaixar os niveis de sinistralidade laboral que sofre a nosa comunidade, tal e como demanda a sociedade galega.

Con este obxectivo a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo, elaborará un proxecto de lei cun novo modelo de instituto. Este proxecto levarase a cabo a través dun proceso de negociación cos axentes económicos e sociais galegos. Mentres tanto será a Dirección Xeral de Relacións Laborais, a través das súas unidades administrativas centrais e periféricas, a que asuma o exercicio dos actuais cometidos do IGASEL, é dicir, a dirección, coordinación, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia de seguridade e saúde laboral.

Unha modificación urxente e necesaria

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral naceu co obxectivo non só de promover a mellora das condicións de traballo, senón tamén de elevar o nivel de protección da saúde e seguridade das traballadoras e traballadores galegos nos seus respectivos ámbitos laborais. O IGASEL debería achegar unha maior presenza e participación institucional das organizacións galegas empresariais e sindicais máis



representativas, establecendo a coordinación eficaz entre as distintas administracións competentes na materia.

Porén, lonxe de acadar estes obxectivos, a estrutura organizativa xerou unha duplicidade de titularidade orgánica e funcional que impediu a súa operatividade e funcionamento.

Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral

A raíz da supresión do IGASEL faise necesaria a modificación do decreto polo que foi creado, xa que ese decreto tamén regula o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Neste senso mantéñense en vigor o resto das disposicións dese decreto referidas ao Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e aos comités provinciais, en canto a órganos colexiados asesores da Xunta de Galicia na formulación de políticas de prevención e de participación institucional en materia de seguridade e saúde laboral, nos seus respectivos ámbitos de actuación.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO FINANCIA CON 48.000 EUROS A RECUPERACIÓN DE FACHADAS DO RÍO CABE EN MONFORTE DE LEMOS

- **O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o departamento que dirixe Teresa Táboas e o Concello monfortino**

A Consellería de Vivenda e Solo investirá 48.080,97 euros no adecentamento das fachadas da zona do río Cabe, no concello lucense de Monforte de Lemos, segundo consta nun convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

As obras suporán a limpeza e pintura das fachadas de 55 edificios, situados no Paseo do Malecón e a rúa de Santa Clara. A actuación terá un custo global de 115.000 euros, dos que 48.80,97 euros serán achegados pola Consellería de Vivenda e Solo.

A través do convenio, o Concello de Monforte de Lemos asumirá o compromiso de levar a cabo as actuacións relativas á contratación das obras, así coma á obtención dos permisos e das autorizacións que se precisen.

Fomento da rehabilitación

A sinatura do convenio de colaboración co Concello de Monforte de Lemos enmárcase dentro das iniciativas previstas pola Consellería de Vivenda e Solo en materia de rehabilitación. O obxectivo do departamento autonómico que preside Teresa Táboas é que os titulares das vivendas lle dean continuidade á iniciativa pública, de xeito que se poida recuperar totalmente a área de actuación.